

**BASES**  
**CONCURSO DE INSTAGRAM AEDEZA**  
**O Nadal de Lalín ... Mola**  
**SORTEO DE TRES IPHONE 13**

**Datos da Entidade organizadora do concurso:**

Nome da Entidade:	Asociación de Empresarios de Deza e Centro Comercial Aberto de Lalín
Número de CIF da Entidade:	G-36.187.169
Enderezo fiscal da Entidade:	R/ Otero Pedrayo, nº 24 – Baixo 36500 – Lalín (Pontevedra)
Enderezo de correo electrónico da Entidade:	asociacion@aedeza.com

**Data de inicio e remate da campaña:**

O período de duración da campaña abarcará dende o 4 de decembro de 2021 até o 5 de xaneiro de 2022, ambos días incluídos.

**Requisitos**

O **sorteo en Instagram de tres Iphone 13** é unha promoción tanto para FANS da Asociación de Empresarios de Deza (de aquí en diante AEDEZA) en Instagram como os alleos a ela.

Non poderán participar os comerciantes/ propietarios de comercios asociados, nin os empregados, nin os familiares directos tanto dos comerciantes como dos traballadores do negocio en primeiro grado.

Serán válidas as PARTICIPACIÓNS de usuarios tanto da nosa comunidade de fans como polos alleos a ela.

**Obxecto do concurso**

Os participantes deberán publicar un comentario no post, co hastag [#ONadaldeLalinmola](#) e mencionar o comercio no que teñan realizado unha compra e o artigo ou produto mercado.

**Participantes**

O concurso está aberto a todos os mozos menores de 30 anos que sexan titulares dun Carné Xove en vigor e que conten cun perfil real en Instagram.

Durante o rexistro no concurso o participante deberá achegar datos persoais cuxa única finalidade é a de contactar co usuario para xestionar a súa participación no concurso ou comunicarlle, chegado o caso, que foi o gañador/a.

## Prazo

---

A publicación dos comentarios poderá realizarse desde as 9:00 horas do 4 de decembro ata as 14:00 horas do 5 de xaneiro de 2022.

Calquera comentario enviado fóra deste prazo non será admitido.

## Premio

---

**Os tres comentarios gañadores acadarán, cada un, un Iphone 13.**

<sup>1</sup> Os premios obxecto da presente campaña, en ningún caso poderán ser obxecto de cambio, alteración ou compensación a petición das persoas gañadoras.

## Características do concurso

---

- ✓ Realizar unha compra nalgún dos 92 comercios asociados a AEDEZA-CCA de Lalín, que se pode consultar na web: [www.aedeza.gal](http://www.aedeza.gal).
- ✓ Gardar o tícket da compra realizada.
- ✓ Escribir un comentario no post do sorteio publicado no perfil de Instagram da AED (@ae.deza) mencionando o hastag #ONadaldeLalinmola indicando en que comercio se fixo a compra e o que se mercou.
- ✓ O usuario comprométese a que o comentario sexa da súa propia autoría e realización. Así mesmo, en caso de figurar imaxes de terceiras persoas, o autor/a deberá contar co consentimento expreso destas, en canto ao uso da súa imaxe. Calquera caso contrario aos supostos anteriores pode supoñer a exclusión do usuario da competición xunto co comentario presentado. Sempre será o usuario e nunca AEDEZA – CCA de Lalín, quen asuma as responsabilidades legais e xudiciais derivadas de tales feitos e posibles reclamacións.
- ✓ AEDEZA – CCA de Lalín resérvase o dereito para deixar fóra de concurso e eliminar do seu perfil aquelas pezas achegadas por participantes que non cumpren coas características das bases do concurso, ou cuxo contido sexa ofensivo, de mal gusto ou que atente sobre a honra e a dignidade de terceiras persoas ou colectivos.
- ✓ A participación no concurso supón a cesión ao CCA de Lalín de todos os dereitos sobre os comentarios e as posibles fotos presentadas.

## Participación

---

Os comentarios entrarán a concurso a través da aplicación Easypromos.

## Resolución

Unha vez que o prazo de participación remate e a aplicación do concurso inactive a subida de comentarios, o mesmo día 5 de xaneiro ou ao día seguinte laborable AEDEZA – CCA de Lalín publicará no seu muro os/as gañadores/as.

O sorteo realizarase mediante a plataforma Easypromos. Os gañadores e suplentes obteranse de forma totalmente aleatoria. Unha vez obtidos todos os gañadores e suplentes mediante o procedemento de selección aleatoria, Easypromos procederá a gardar dita información e a entidade organizadora do sorteo xa non poderá repetir o proceso de selección de gañadores e/ou suplentes.

Tras a realización do sorteo, Easypromos emitirá un Certificado de Validez, no que se inclúe o número total de finalistas, a referencia interna do sorteo de Easypromos, e a data e hora da realización do sorteo, e o listado de gañadores e suplentes obtidos. O Certificado ten unha dirección de internet única e é de acceso público. Este Certificado está aloxado en Easypromos e a entidade organizadora do sorteo non ten ningunha posibilidade de poder modificalo ou eliminalo.

Calquera substitución que se realice entre gañadores e suplentes, e o motivo da substitución, quedará reflectido no Certificado de Validez do sorteo.

A entidade organizadora publicará nas redes sociais da AED o Certificado de Validez do sorteo cos gañadores e suplentes, que pasarán por orde a ser beneficiarios dos premios no caso de que algún dos gañadores non cumpra cos requisitos de posuír o Carné Xove ou acreditar a realización da compra nalgún dos 92 comercios asociados.

O sorteo non está patrocinado, avalado, administrado nin asociado en modo algún a Instagram.

AEDEZA – CCA de Lalín poñerase en contacto con cada persoa gañadora para notificarlle o premio e, tamén, para a xestión da entrega do mesmo.

Os datos dos/as participantes premiados/as serán publicados en prensa, na edición comarcal e nas redes sociais de AEDEZA e CCA de Lalín. Non se efectuará comunicación a outra entidade, salvo aquelas comunicacións que se producen por obriga ou necesidade legal. Non se producirán transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais.

As persoas agraciadas cos premios disporá de prazo (1) unha semana para comunicar a súa aceptación do premio. En caso contrario, AEDEZA – CCA de Lalín resérvase o dereito de outorgar o premio aos participantes seleccionados como suplentes. Se algunha persoa gañadora renuncia ao premio, AEDEZA – CCA de Lalín non contempla ningún tipo de compensación alternativa.

### **Cesión dereitos de imaxe e/ou propiedade intelectual do gañador/es:**

As persoas gañadoras dos Iphone 13 coñecen e consenten que o seu nome completo sexa publicado pola Entidade organizadora en todos aqueles perfís en redes sociais onde a Entidade teña unha conta.

Para o caso da participación no sorteio, a cesión dos datos identificativos, así como tamén o número de teléfono de contacto, conleva implícito o consentimento por parte do participante de que a Entidade organizadora comunique publicamente o seu nome completo.

### **Prórrogas ou suspensións:**

A Entidade organizadora, en caso de existir causas de forza maior alleas ao seu control, resérvase o dereito de efectuar calquera cambio, suspender, acurtar ou ampliar o período de duración do concurso, comprometéndose a dar ás devanditas modificacións o grao de publicidade que resulte necesario.

Polo tanto, a Entidade organizadora queda exonerada de calquera responsabilidade que puidese derivarse de calquera circunstancia imputable a terceiros que puidese afectar ao desenvolvemento da mecánica do concurso e, en especial aos Premios.

No mesmo sentido, a Entidade organizadora non será, en ningún caso, responsable de calquera dano, de calquera natureza, directo, indirecto e/ou circunstancial, xa sexa inmediatos ou en diferido, que puidese aparecer con ocasión ou como consecuencia de poder gozar do Premio.

### **Descualificacións e penalizacións:**

Establécese a posibilidade de dar de baixa ou descualificar a usuarios que incumpran as regras do concurso ou de penalizar no caso de que algún gañador/es do/s premio/s actúe/n de maneira fraudulenta.

### **Exoneración de responsabilidade do organizador en caso de incumprimento dos participantes:**

Ante o uso que o premiado poida facer co premio recibido, a Entidade organizadora non se fará responsable no caso de que o gañador fixese un mal uso do premio ou incumprise co disposto nestas bases legais.

### **Protección de datos de carácter persoal:**

O responsable do tratamento dos datos é a Asociación de Empresarios de Deza - Centro Comercial Aberto de Lalín, con CIF: G36187169, enderezo fiscal en R/ Otero Pedrayo, nº 24 – Baixo, en Lalín, número de teléfono: 986-787091 e correo electrónico: asociacion@aedeza.com

Durante o rexistro no concurso a persoa participante deberá achegar datos persoais cuxa única finalidade é a de contactar, chegado o caso, que foi gañador/a dun dos (3) tres Iphone 13 sorteados.

Os datos facilitados conservaranse o tempo estritamente necesario para o cumprimento da finalidade ou finalidades concretas que motivaron a súa recollida, ata a perda de relevancia do seu uso ou, en todo caso, ata que sexan cancelados en resposta ao exercicio, por parte do titular, dos dereitos correspondentes.

A base legal para o tratamento dos datos é o consentimento obtido do interesado, mediante a cesión dos seus datos de contacto, para poder participar no sorteio dos vales.

Os datos dos participantes comunicaranse en:

Asociación de Empresarios de Deza e Centro Comercial Aberto de Lalín.

Os datos persoas premiadas serán publicados en prensa, na edición comarcal e nas redes sociais de AEDEZA e CCA de Lalín. Non se efectuará comunicación a outra entidade, salvo aquelas comunicacións que se producen por obriga ou necesidade legal. Non se producirán transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais.

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se AEDEZA - CCA de Lalín están a tratar datos persoais que lles afecten, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente estes serán conservados para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. CCA de Lalín deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

O interesado ten dereito a retirar o consentimento en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

Para obter información adicional sobre os dereitos facilitamos enlace da páxina Web da Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.agpd.es/>).

Para poder obter información adicional sobre a nosa política de privacidade, facilitamos enlace da páxina Web da Asociación de Empresarios de Deza (<http://www.aedeza.gal>).

O interesado, para exercer o seus dereitos, pode escribir un correo electrónico a [asociacion@aeдеza.com](mailto:asociacion@aeдеza.com) no que debe identificarse achegando copia do seu DNI e indicar o dereito que desexa exercer e o motivo.

### **Contacto e reclamacións:**

As persoas gañadoras poderá/n contactar coa Entidade organizadora a través do seguinte correo electrónico: [asociacion@aeдеza.com](mailto:asociacion@aeдеza.com), para calquera dúbida ou reclamación.

### Aceptación da bases:

Os participantes da campaña aceptarán estas bases legais polo feito de participar na campaña.

### Foro xurisdiccional e lei aplicable:

A lei aplicable será a española e o foro xurisdiccional, en caso de conflito, será a dos xulgados e tribunais da vila de Lalín.

### Outras consideracións:

Calquera situación non prevista nas mesmas poderá ser resolta segundo o criterio da Asociación de Empresarios de Deza.